

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O SERVIZO DE HEMATOLOXÍA E HEMOTERAPIA DO CHUS OBTÉN A PRESTIXIOSA CERTIFICACIÓN “JACIE” PARA O PROGRAMA DE TRANSPLANTES DE PROXENITORES HEMATOPOIÉTICOS

- *Valida que se opera cun sistema de xestión de calidade eficaz, que os procedementos se levan a cabo de acordo coas normas internacionais establecidas, e que todo elo se fai coa implicación e coordinación de todos os profesionais que interveñen*

Santiago, 05 de novembro de 2020.- O Servizo de Hematoloxía e Hemoterapia da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza acaba de obter a certificación **JACIE** (Joint Accreditation Committee of the International Society for Cellular Therapy and the European Group for Blood and Marrow Transplantation). Trátase dunha acreditación europea e americana, das máis prestixiosas e esixentes no que respecta aos estándares de calidade no Programa de Transplante de Proxenitores Hematopoiéticos ou, o que é o mesmo, Transplantes de Medula Ósea.

Con esta acreditación, a área sanitaria compostelá convértese na primeira en Galicia en conseguir esta certificación e a sitúa entre as poucas españolas en recibir este recoñecemento.

A acreditación **JACIE** certifica o cumprimento dos estándares organizativos e de calidade na Área de Transplantes Autólogos e Aloxénicos en pacientes adultos e pediátricos, tanto na área de obtención celular de medula ósea e sangue periférica (banco de sangue) como na área de procesamento celular (Laboratorio de Criobioloxía, Cultivos e Terapia Celular do Transplante).

Fundamentalmente certifica que se opera cun sistema de xestión de calidade eficaz, que os procedementos se levan a cabo de acordo coas normas internacionais establecidas, e que todo elo se fai coa implicación e coordinación de todos os profesionais que interveñen. É o medio polo cal se pode demostrar un nivel de excelencia no transplante hematopoiético.

A obtención da acreditación **JACIE** supón a culminación dun longo traballo levado a cabo, dende 2013 no Servizo de Hematoloxía e Hemoterapia, pola doutora Mercedes Villamayor, o doutor Alfredo Campos e a doutora María Dolores Vilariño coa consecución e mantemento da acreditación pola Norma ISO 9001:2008, logo pola ISO 9001:2015 e continuando en 2019 coa acreditación segundo os estándares en hemoterapia da FCAT (Fundación para la Calidad en Transfusión Sanguínea, Terapia Celular y Tisular).

O xefe do servizo de Hematoloxía e Hemoterapia da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza, José Luis Bello López, afirma que “a certificación JACIE é a recompensa aos anos investidos



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

na estandarización de métodos de traballo e que supón un esforzo por parte do equipo médico, de enfermería e do persoal técnico, ao ser a de máis alto rango nas normas internacionais de acreditación”.

O Servizo de Hematoloxía e Hemoterapia do CHUS puxo en marcha el Programa de Transplantes de Proxenitores Hematopoiéticos, dirixido polo doutor Bello, desde o ano 1993. Desde entón, realizáronse máis de 950 transplantes hematopoiéticos en todas as modalidades de TPH: medula ósea (7%), sangue periférico (90%) ou sangue de cordón umbilical (3%). Ao longo destes anos, leváronse a cabo 807 transplantes en pacientes adultos e 151 en menores.

O 44% dos TPHs realizados neste centro son de tipo complexo (Transplantes Alóxicos). Nestes transplantes, o paciente recibe células nai hematopoiéticas provintes dun doador familiar compatible, ou ben un doante altruísta non emparentado inscrito nos rexistros internacionais, coordinados polo REDMO (Registro de Donantes de Médula Ósea) e a ONT (Organización Nacional de Trasplantes). Este tipo de transplantes realízanse máis frecuentemente en pacientes con leucemias agudas. Os transplantes autóxicos sumaron o 55% realizados máis frecuentemente en pacientes con linfomas e mielomas.

Esta importante acreditación é un paso máis que lle permitirá ao servizo de hematoloxía, nos próximos meses, a introdución de novidosas terapias antitumorais baseadas en inmunoterapia, como a terapia celular con linfocitos T modificados xeneticamente coñecidos como terapia CAR-T. Ditas terapias, con resultados cada vez máis prometedores, só están dispoñibles nun reducido grupo de hospitais españois. A implementación destas novas estratexias terapéuticas no CHUS suporán un avance substancial para todos os pacientes oncohematolóxicos, que poderán beneficiarse destes tratamentos sen necesidade de trasladarse a hospitais doutras comunidades.

Saúdos,



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA